

ACTA DO TRIBUNAL PARA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO D, SUBGRUPO C2.

En Monforte de Lemos, sendo as 08:30 do día 11 de maio de 2016 reúnese na Sala de Xuntas do Concello de Monforte de Lemos o Tribunal cualificador das probas de selección para a creación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de auxiliar administrativo de administración xeral, encadradas no grupo D, subgrupo C2 por período de dous anos.

Preside a sesión D. José M^a Baños Campo don Miguel Martínez Díaz ; como Vocais asisten; D. José M^a Valcarce Rodríguez, Isabel Carbones Bosch , María Inmaculada Buján Arias e coma secretaria do tribunal D^a Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- Aberta a sesión polo Sr.Presidente, procedese á lectura e corrección do segundo exercicio da fase de oposición, proba practica co seguinte enunciado:

"1º.- Enumere e explique de forma sucinta dun procedemento selectivo polo sistema e concurso oposición dende a apertura do prazo de presentación de solicitude de participación ata o nomeamento do empregado público seleccionado.

2º.- O titular dunha vivenda no Concello de Monforte de Lemos, ¿Cantos tributos pode ter que aboar por ela? Concrete cada un deles e explique por qué."

A realización deste exercicio levouse a cabo o día 9 de maio entre as 13:08 e as 14:08 horas.

A corrección do exame conclúe cos seguintes resultados:

34.267.447 T	4'5
34.274.753 S	4
47.361.647R	7
34.261.714 V	3'5
34.263.748 G	8'5
34.260.926 B	7
34.272.663 H	6'5
47.357.349 G	3'5
76.621.221 X	3'5
34.264.276 A	4

34.267.477F	6
34.263.674 E	3'5

Conforme as bases da convocatoria resultan aptos aqueles aspirantes cunha puntuación igual ou superior a 5.

Segundo.- Da suma das puntuacións obtidas polos aspirantes que superaron as probas da fase de oposición e do resultados obtidos polos mesmos na fase de concurso resultan a seguintes puntuacións e orde de prelación na lista de reserva que nos ocupa:

DNI	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
34.263.748 G	7'95	7'44	8'5	23'89
34.267.477 F	8'25	5'47	6	19'72
47.361.647 R	4'05	7'44	7	18'49
34.260.926 B	0'70	7'28	7	14'98
34.272.663 H	1'17	5'15	6'5	12'82

Terceiro.- Todos os aspirantes que superaron os dous exercicios da fase de oposición agás a titular do DNI 34.267.477 F acreditaron o coñecemento da lingua galega presentando CELGA 1 ou equivalente polo que son declarados aptos en relación a proba de galego, 3º exercicio da fase de oposición.

Convocase neste acto a participante que non acreditou dito extremo para a realización de dita proba o vindeiro día 18 de maio de 2016 as 9.00 na Sala de Xuntas deste Concello, se ben indicándolle que se con anterioridade a dita data presenta o CELGA 1 ou equivalente será declarado/a apto tamén e quedara eximida de realizar dita proba.

E designase como asesor do Tribunal para corrección deste exercicio o funcionario deste Concello don Xosé Martínez Rodríguez.

Cuarto.- Pasase a dar conta ó Tribunal dos escritos presentados polos/as aspirantes titulares dos DNI 34.267.727 G, 47.361.647 R e 34.272.663 H solicitando a revisión das súas puntuacións na fase de concurso.

Concretamente a aspirante con DNI 34.267.727 G manifesta que falta que se lle valore o tempo traballado e a informática aportando vida laboral, o respecto e logo de revisar a solicitude de participación da interesada nas probas selectivas pódese concluír que non constaba aportada ata o momento a vida laboral da mesma polo que en aplicación do disposto polas bases do procedemento selectivo non se puido valorar a súa experiencia laboral, o esixir estas a acreditación dos servizos prestados nas Administracións Públicas, mediante presentación do modelo oficial de